

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: CESE DE CONCELEIROS, REVOGACIÓN DE DELEGACIÓNS, NOMEAMENTO DE NOVOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E MODIFICACIÓN DO SEU RÉXIME DE SESIÓNS

Por Resolución da alcaldía 673/2019 do 1 de xullo de 2019 nomeáronse membros da Xunta de Goberno local aos concelleiros Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, Jose Andrés Serantes Painceiras, Juana Barro Couto e Juan José Franco Casal.

Así mesmo por Resolución da alcaldía 678/2019 do 1 de xullo de 2019 acordouse facer os seguintes nomeamentos de tenente de alcalde:

- 1º Tenente de alcalde: Rocío Aurora Bértoa Puente
- 2º Tenente de alcalde: Tamara Miragaya López
- 3º Tenente de alcalde: José Andrés Serantes Painceiras
- 4º Tenente de alcalde: Juana Barro Couto
- 5º Tenente de alcalde: Juan José Franco Casal

Conforme ao artigo 15 do Regulamento orgánico municipal e 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, por Resolución da alcaldía 687/2019 do 2 de xullo de 2019 acordouse:

“1º Efectuar a favor dos Sres/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local as seguintes **delegacións xenéricas** correspondentes ás áreas que se relacionan:

I Delégaselle a Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio ao concelleiro Juan Jose Franco Casal.

II Delégaselle a Área de Organización, Seguridade e Dinamización Económica á concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente.

III Delégaselle a Área de Dinamización Social e Transparencia á concelleira Juana Barro Couto.

2º As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior suxeitaráanse ó seguinte réxime xurídico:

- a) Abarcarán a facultade de coordinar as diferentes subáreas nas que se divide cada área, dirixindo os servizos correspondentes, sen prexuízo das facultades de xestión encomendadas aos delegados especiais, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.
- b) A alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.
- c) A alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro.
- d) Corresponderá á Alcaldía resolver las posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

3º Conferir as seguintes **delegacións especiais** ós seguintes concelleiros/as que a seguir se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

I Conferir a delegación das subáreas de Obras, Servizos e Medio Ambiente (Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio) ao concelleiro José Andres Serantes Painceiras.

II Conferir a delegación da subárea de Urbanismo e Vivenda (Area de Desenvolvemento Territorial e do Medio), Formación e Emprego, e Promoción Económica (Area de Organización, Seguridade e Dinamización Económica) ao concelleiro Juan José Franco Casal.

III Conferir a delegación das subáreas de Persoal, Contratación Pública e Coordinación da Licitación, Seguridade (agás o servizo de Protección Civil), Facenda e Patrimonio (Área de Organización, Seguridade e Dinamización Económica) e Cultura (Area de Dinamización Social e Transparencia) á concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

IV Conferir a delegación das subáreas Ensino e Igualdade (Área de Dinamización Social e Transparencia) e Cemiterio (Area de Desenvolvemento Territorial e do Medio) e dos servizos/materias de Protección Civil (Área de Organización, Seguridade e Dinamización Económica) e Escolas Infantís (Área de Dinamización Social e Transparencia) á concelleira Juana Barro Couto.

V Conferir a delegación das subáreas de Xuventude, Deportes, Participación e Información Cidadá, Transparencia, Comunicación e Benestar Social-agás Escolas Infantís- (Área de Dinamización Social e Transparencia) á concelleira Tamara Miragaya López.

4º As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O/A Concelleiro/a que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais."

Por Resolución 689/2019 do 03 de xullo de 2019 acordouse nomear membros da Xunta de Delegados aos seguintes concelleiro/as: Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Painceiras, Juana Barro Couto e Juan José Franco Casal.

Por resolución 714/2019 de 12 de xullo de 2019 acordouse:

"1. Delegarlles a presidencia efectiva das seguintes Comisións Informativas Permanentes do Concello de Fene aos seguintes tenentes de alcalde:

-Ao concelleiro Juan José Franco Casal, a presidencia da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial.

-Á concelleira Rocío A. Bértoa Puente, a presidencia da Comisión Informativa de Dinamización Económica.

-Ao concelleiro Andrés Serantes Painceiras, a presidencia da Comisión Informativa de Organización e Seguridade.

- Á concelleira Tamara Miragaya López, a presidencia da Comisión Informativa de Dinaminación Social e Transparencia.

2. Estas delegacións fanse sen prexuízo de que a Alcaldía poida avocar, en calquera momento, a dita presidencia e de que poida exercer a presidencia no caso da ausencia da presidenta ou presidente delegada/o."

O artigo 17 do Regulamento orgánico municipal dispón: "A Xunta de Goberno Local, integrada polo Alcalde/sa, que a presidirá, e por un número de Concelleiros/as non superior ó terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo Alcalde/sa, exercerá aquelas atribucións que este ou outro órgano municipal lle delegue, e asistíralle no exercicio das súas funcións, así como aquelas atribucións que expresamente lles asignen as Leis."

O artigo 52 apartados 2 e 3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986), que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón que o alcalde pode cesar libremente, en todo momento, a calquera dos membros da Xunta de Goberno Local, debendo ser adoptados os nomeamentos e ceses coas formalidades prescritas no artigo 46.1 deste Real Decreto. En termos semellantes se pronuncia o artigo 17 do Regulamento orgánico municipal.

O artigo 46 do Real Decreto 2568/1986 estipula:

"1. Los Tenientes de Alcalde serán libremente nombrados y cesados por el Alcalde de entre los miembros de la Comisión de Gobierno y, donde ésta no exista, de entre los Concejales.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Los nombramientos y los ceses se harán mediante resolución del Alcalde de la que se dará cuenta al Pleno en la primera sesión que celebre, notificándose, además, personalmente a los designados, y se publicarán en el «Boletín Oficial» de la Provincia, sin perjuicio de su efectividad desde el día siguiente de la firma de la resolución por el Alcalde, si en ella no se dispusiera otra cosa.

2. En los municipios con Comisión de Gobierno el número de Tenientes de Alcalde no podrá exceder del número de miembros de aquélla. En aquellos otros en que no exista tal Comisión, el número de Tenientes de Alcalde no podrá exceder del tercio del número legal de miembros de la Corporación. A los efectos del cómputo no se tendrán en cuenta los decimales que resulten de dividir por tres el número total de Concejales.

3. La condición de Teniente de Alcalde se pierde, además de por el cese, por renuncia expresa manifestada por escrito y por pérdida de la condición de miembros de la Comisión de Gobierno. (...)”

Nos mesmos termos se pronuncia o artigo 16 do Regulamento orgánico municipal.

O artigo 47 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Fene sinala que: “O alcalde ou alcaldesa-presidente/a do Concello de Fene é o presidente/a nato de todas as Comisións Informativas que funcionen neste Concello, sen prexuízo de que poida delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación.”

O artigo 52 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Fene establece que a Xunta de Delegados está integrada polo Alcalde/sa, que actuará como presidente, e os Concelleiros/as responsables das áreas ou Concelleiros/as Delegados, que actuarán como vocais.

O artigo 114 do Real Decreto 2568/1986 dispón que a revocación ou modificación das delegacións haberán de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

O artigo 15 do ROM di:

“O Alcalde ou Alcaldesa pode efectuar delegacións, agás das atribucións exceptuadas pola normativa vixente en favor da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado. En tal caso, os acordos adoptados por esta en relación coas materias delegadas, terán o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde ou alcaldesa en exercicio das atribucións que non delegase, sen prexuízo da súa adopción conforme ás regras de funcionamento da Xunta.

O Alcalde ou Alcaldesa pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos/as tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poda realizar en favor de calquera concelleiro/a, aínda que non pertencesen á Xunta de Goberno Local

As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abranguer tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes, como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Así mesmo, o alcalde ou alcaldesa poderá efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o/a concelleiro/a que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área.

(...)

O Alcalde/sa poderá, en calquera momento, modificar, revogar ou avogar para si todas ou parte das atribucións que delegase.

A delegación de atribucións do Alcalde/sa producirá efectos desde o día seguinte ao da data do decreto, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

De todas as delegacións e das súas modificacións daráse conta ao Pleno da primeira sesión que celebre con posterioridade ás mesmas.”

O artigo 18 ROM establece que corresponde ao Alcalde/sa fixar, mediante Decreto, o día e hora en que deba celebrarse a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Visto o que antecede, RESOLVO:



1. Cesar como membros da Xunta de Goberno Local aos/as concelleiro/as Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, Jose Andrés Serantes Panceiras, Juana Barro Couto e Juan José Franco Casal.
2. Cesar como Tenentes de alcalde aos/as concelleiro/as Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, Jose Andrés Serantes Panceiras, Juana Barro Couto e Juan José Franco Casal.
3. Revogar todas as delegacións conferidas pola alcaldía aos concelleiro/as Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, Jose Andrés Serantes Panceiras, Juana Barro Couto e Juan José Franco Casal.
4. Revogar o nomeamento como membros da Xunta de Delegados do/as concelleiro/as Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, Jose Andrés Serantes Panceiras, Juana Barro Couto e Juan José Franco Casal.
5. Revogar a presidencia efectiva das Comisións Informativas permanentes delegada nos/as concelleiro/as Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, Jose Andrés Serantes Panceiras e Juan José Franco Casal.
6. Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene as/os seguintes concelleira/os:
 - María del Mar Piñeiro Otero
 - Alejandra Permuy Meizoso
 - Manuel Polo Gundín
 - Ana Basoa Rioboo
 - María Carmen Martínez Rodríguez
7. A Xunta de Goberno Local realizará sesións ordinarias, con periodicidade semanal, os xoves ás 14.30 h en primeira convocatoria e unha hora máis tarde en segunda convocatoria. No suposto de que o día prefixado sexa festivo ou inhábil, a sesión realizarase, co mesmo carácter de ordinario, o inmediato día hábil anterior.
8. Esta resolución será efectiva dende o día da súa data.
9. Notificarlle a presente resolución aos/ás concelleiros/concelleiras interesados/as e ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de edictos do Concello dos acordos que resulten precedentes conforme ao establecido nos artigos 44,46 e 52 do Real Decreto 2568/1986.
10. Dar conta ao Pleno desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

0-0
06E
150
P
F:
C1

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).